

CURRÍCULUM DE EXPRESIÓN MÚSICAL RADIO 4º E 6º ED,
PRIMARIA



Elaborado por: Guardado Gesto, Verónica
Rúa Romero, Diego

INTRODUCCIÓN.

A materia "Expresión na radio" ten como finalidade traballar diferentes aspectos da área das linguas dunha maneira funcional, motivadora e dinámica. Buscáronse obxectivos que facilitasen a expresión oral dos nosos alumnos. Igualmente, con esta materia, preténdese favorecer e perfeccionar a vocalización do alumnado e, á vez, fomentar a comprensión da lectura . Coa radio aprenderá a escoitar e a expresarse. Desenvolver a expresión oral, mellorar as posibilidades de comunicación utilizando o discurso como ferramenta estratéxica e planificar que dicir son algunhas das cuestións que se perseguen na escola. A idea de facer radio xorde ante as dificultades expresivas. O obxectivo é que desenvolvan a oralidade. Por último, queremos integrar a biblioteca como lugar común das actividades , así nela prepáranse as actividades previas a gravación: lecturas, preparacións de escaletas, pequenas investigacións, preparación de entrevistas a escritores...

ESTANDARES DE APRENDIZAXE DE 4º.-

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

ERB1.1. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.

ERB1.2. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos, adecuados ao nivel, imitando modelos.

ERB1.3. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión.

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

ERB2.1. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.

ERB2.2. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas necesarios para as súas tarefas de aula.

ERB2.3. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.

ERB2.4. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

ERB3.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos utilizando elementos de cohesión básicos.

ERB3.2. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA

ERB4.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

BLOQUE 5: COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS.

ERB5.1. Fai uso adecuado do material.

ERB5.2. Respecta as normas do centro escolar.

ERB5.3. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.

ERB5.4. Utiliza a biblioteca respectando as normas básicas do seu funcionamento.

ESTANDARES DE APRENDIZAXE DE 6º.-

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

ERB1.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

ERB1.2. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade e cunha pronuncia e entoación axeitadas propias da lingua galega.

ERB1.3. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara, cunha vocalización axeitada, e ordenada, contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

ERB2.1. Fai lecturas dramatizadas de textos.

ERB2.2. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.

ERB2.3. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...

ERB2.4 Usa a biblioteca de centro con autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e na súa mellora.

BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

ERB3.1. Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.

ERB3.2. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.

ERB3.3. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

ERB3.4. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.

ERB3.5. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.

BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA

ERB4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

ERB4.2. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.

ERB 4.3. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.

BLOQUE 5: COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS.

ERB 5.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.

ERB 5.2. Respecta o material e valora a importancia de coidalo.

ERB5.4. Utiliza a biblioteca respectando as normas básicas do seu funcionamento.